

Na páxina 448, segunda columna, artigo 50. Catro, último parágrafo, quinta liña, onde di: «... poderase utilizar-la participación ...», debe dicir: «... poderase autorizar-la participación ...». Na páxina 453, primeira columna, artigo 66. Cinco, artigo 99.3, quinta liña, onde di: «... do sector público español ...», debe dicir: «...do sector público estatal ...».

Na páxina 456, primeira columna, artigo 71. Tres, terceiro parágrafo, quinta liña, onde di: «... o Decreto 4650/1970, do 19 de decembro ...», debe dicir: «... O Decreto 3650/1970, do 19 de decembro ...».

Na páxina 456, primeira columna, artigo 71, antepenúltimo parágrafo, onde di: «Tres. Engádesse un inciso ...», debe dicir: «Catro. Engádesse un inciso ...».

Na páxina 490, primeira columna, disposición adicional décimo quinta, primeiro parágrafo, sétima liña, onde di: «á Fundación de Formación de Euskadi ...», debe dicir: «ó Fondo Formación Euskadi ...».

Na páxina 493, segunda columna, disposición transitoria primeira, primeiro parágrafo, décimo novena liña, onde di: «... ó citado período impositivo ...», debe dicir: «... ós citados períodos impositivos ...».

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**6802** REAL DECRETO 328/2003, do 14 de marzo, polo que se establece e regula o Plan sanitario avícola. («BOE» 81, do 4-4-2003.)

As explotacións avícolas atópanse reguladas, desde o punto de vista sanitario, por diversas disposicións que incorporan directivas comunitarias e en particular polo Real decreto 1888/2000, do 22 de novembro, polo que se establecen as condicións de sanidade animal aplicables ós intercambios intracomunitarios e ás importacións de aves de curral e de ovos para incubar procedentes de países terceiros, o Real decreto 2087/1994, do 20 de outubro, polo que se establecen as condicións sanitarias de produción e comercialización de carnes frescas de aves de curral, o Real decreto 556/1998, do 2 de abril, polo que se establecen as normas para expedir-la certificación de animais e produtos animais esixida pola normativa veterinaria, e o Real decreto 2491/1994, do 23 de decembro, polo que se establecen medidas de protección contra determinadas zoonoses e determinados axentes produtores de zoonoses, procedentes dos animais e produtos de orixe animal, co fin de evita-las infeccións e intoxicacións procedentes dos alimentos.

Sen prexuízo diso, faise necesario establecer e regular con carácter básico un plan sanitario das explotacións avícolas en todo o territorio nacional no que se teñan en conta tódalas fases, desde a instalación dunha explotación, pasando polo seu funcionamento, ata o transporte dos animais, sempre baixo a óptica duns controis que permitan asegura-lo debido estado sanitario das explotacións e, xa que logo, das aves de curral, xa se destinen ó consumo humano, xa á reprodución, así como a produción de ovos.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Este real decreto díctase ó abeiro do disposto no artigo 149.113.<sup>a</sup> e 16.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade eco-

nómica, e de bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de marzo de 2003,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto o establecemento e a regulación, con carácter básico, dun plan sanitario avícola en todo o territorio nacional.

Artigo 2. *Definición.*

Para os efectos do previsto neste real decreto, serán de aplicación as definicións contidas no artigo 2 do Real decreto 1888/2000, do 22 de novembro, polo que se establecen as condicións de sanidade animal aplicables ós intercambios intracomunitarios e ás importacións de aves de curral e de ovos para incubar procedentes de países terceiros.

Así mesmo entenderase por:

a) Autorización sanitaria: acto administrativo polo que a autoridade competente resolve favorablemente unha solicitude de instalación dunha explotación avícola, que cumpra coas garantías de sanidade animal establecidas neste real decreto.

b) Manda de aves de curral reproductoras: a integrada, como mínimo, por 250 aves (*Gallus gallus*), mantidas ou criadas nunha soa explotación, para a produción de ovos para incubar.

c) Mostra oficial: mostra tomada pola autoridade competente, ou baixo a súa supervisión, para a análise dun axente zoonótico ou de calquera outro tipo e que levará unha referencia á especie, tipo, cantidade recollida, método empregado e procedencia do animal ou do produto de orixe animal, e será tomada sen previo aviso.

d) Cría protexida: a forma de cría consistente na aplicación ou incorporación de medidas de bioseguridade para protexe-los animais da contaminación externa e evita-la difusión de enfermidades.

e) Enfermidades de comunicación anual: de conformidade co Real decreto 2459/1996, do 2 de decembro, polo que se establece a lista de enfermidades de animais de declaración obrigatoria e se dá a normativa para a súa notificación, serán: bronquite infecciosa aviar; bursite infecciosa (enfermidade de Gumboro); clamidiose aviar; cólera aviar; enfermidade de Marek; enterite viral do parrulo; hepatite viral do parrulo; laringotraqueíte infecciosa aviar; micoplasmose (*M. gallisepticum*); pulorose (*Salmonella pullorum*); tifose aviar (*Salmonella gallinarum*); e varíola aviar.

f) Autoridade competente: os órganos competentes das comunidades autónomas.

g) Veterinario oficial: o veterinario designado polos órganos competentes das comunidades autónomas.

h) Veterinario habilitado: o veterinario encargado polos órganos competentes das comunidades autónomas, e baixo a responsabilidade destas, da realización das actuacións previstas para o efecto neste real decreto.

t

## CAPÍTULO II

**Autorización sanitaria e funcionamento de explotacións avícolas**Artigo 3. *Autorización sanitaria.*

1. Para poder iniciar a súa actividade, as explotacións avícolas radicadas no territorio nacional, incluídas as incubadoras, deberán obter unha autorización sanitaria previa da autoridade competente da comunidade autónoma en que radiquen. Esta autorización será independente da establecida para o comercio intracomunitario no Real decreto 1888/2000.

2. As solicitudes de autorización que se presenten ante a devandita autoridade competente deberán ir acompañadas, polo menos, dos seguintes documentos:

a) Memoria da explotación na que se describan e localicen xeograficamente as granxas ou salas de incubación das que dispón, especificando as actividades ou orientacións productivas.

b) Proposta de programa sanitario encamiñado ó control dos procesos infecto-contaxiosos e parasitarios, establecido polo veterinario responsable da granxa.

3. Para a concesión desta autorización, a explotación deberá cumprir os requisitos de instalación da explotación que se establecen en cada caso no anexo I.

4. Unha vez autorizada unha explotación, asignaráselle un número distintivo de autorización sanitaria.

5. As autorizacións sanitarias poderán ser suspendidas ou extinguidas pola autoridade competente que as concedeu cando deixen de cumprir os requisitos necesarios para a súa concesión.

6. A obtención da autorización sanitaria non exime da obriga de obter as demais autorizacións que poidan existir.

Artigo 4. *Información sanitaria.*

Todo titular de explotación deberá rexistrar tódolos datos necesarios para que a autoridade competente poida levar un control permanente do estado sanitario nun libro rexistro de explotación, nas condicións que establece a normativa aplicable.

Artigo 5. *Funcionamento.*

1. Unha vez concedida a autorización sanitaria, a explotación deberá observar as condicións de funcionamento da explotación que se establecen no anexo II, así como manter os requisitos de instalación baixo os que se concedeu a autorización.

2. O incumprimento das condicións referidas no punto anterior dará lugar á extinción da autorización por parte da autoridade competente que a concedeu.

## CAPÍTULO III

**Movemento dentro do territorio nacional**Artigo 6. *Requisitos do movemento.*

Para o movemento dentro do territorio nacional dos animais afectados por este real decreto, deberán cumprirse os requisitos xerais e os específicos que para cada caso se prevén na parte A do anexo III.

Artigo 7. *Certificado sanitario de movemento.*

1. Ademais de cumprir os requisitos que se sinalan no artigo anterior, as aves de curral e os ovos para incu-

bar que sexan obxecto de movemento dentro do territorio nacional deberán ir acompañados durante o seu transporte ata o lugar de destino dun certificado sanitario oficial de movemento. O devandito certificado será o documento que acredite que os animais non padecen enfermidade infecto-contaxiosa ou parasitaria, e que non existen enfermidades oficialmente declaradas que poidan afectar os animais ou os ovos obxecto do movemento.

2. O certificado sanitario de movemento, asinado polo veterinario oficial ou habilitado, conterá polo menos os datos que se relacionan na parte B do anexo III.

3. A validez do devandito documento será dun máximo de cinco días, contado desde a data da súa emisión.

4. No suposto de aves de curral con destino a sacrificio, o certificado sanitario de movemento poderá ser substituído polo certificado único a que se refire o artigo 9.3.

## CAPÍTULO IV

**Sacrificio de aves de curral**Artigo 8. *Requisitos para o sacrificio de aves de curral.*

1. O sacrificio dun lote de aves de curral procedente dunha explotación unicamente poderá ser autorizado polo veterinario oficial do matadoiro cando se dean as seguintes circunstancias:

a) Cando fosen obxecto dunha inspección previa, con resultado favorable, na explotación de orixe e vaian acompañadas polo certificado sanitario de inspección conforme o disposto no artigo 9.1.

b) Cando o lote de aves de curral vaia acompañado do documento ó que se refire o artigo 9.2, de acordo coas condicións descritas no devandito punto.

c) Cando fosen obxecto dunha inspección previa, con resultado favorable na explotación de orixe conforme as condicións sinaladas no artigo 9.1 e estean en posesión do certificado único emitido polo veterinario oficial ou habilitado previsto no punto 3 do devandito artigo.

d) Cando se dean as circunstancias previstas no artigo 10 sobre inspección previa no matadoiro.

2. Se non se cumprisen as condicións descritas no punto anterior, o veterinario oficial do matadoiro poderá pospo-lo sacrificio, ou cando así o requiran as normas do benestar das aves, autorizalo tras proceder ós exames complementarios previstos para establecer un diagnóstico, debendo solicitar, neste caso, a visita á explotación de procedencia por un veterinario oficial, co fin de obter as devanditas informacións.

Tódolos custos vinculados coa aplicación deste punto imputaráselle ó criador seguindo as modalidades que determine a autoridade competente.

Artigo 9. *Inspección previa en explotación.*

1. Sen prexuízo da necesidade do certificado sanitario de movemento previsto no artigo 7, o veterinario oficial do matadoiro unicamente autorizará o sacrificio dun lote de aves de curral procedente dunha explotación cando as aves de curral destinadas ó sacrificio fosen obxecto previo dunha inspección, con resultado favorable, na explotación de orixe polo veterinario oficial ou habilitado, que inclúa polo menos os aspectos establecidos na parte A do anexo IV. Como resultado da inspección, as aves que cheguen ó matadoiro deberán ir acompañadas do certificado sanitario de inspección emitido polo veterinario oficial ou habilitado, conforme o modelo que se establece na parte B do anexo IV.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, o veterinario oficial do matadoiro poderá tamén autorizarlo sacrificio dun lote de aves de curral procedente dunha explotación cando, como mínimo 72 horas antes da chegada das aves de curral ó matadoiro, estea en posesión dun documento que conteña:

a) Informacións pertinentes e actualizadas acerca da manda de orixe e, en particular, aquelas informacións tomadas do libro rexistro de explotación que se refiran ó tipo de aves de curral que se vaian sacrificar.

b) A proba de que a explotación de orixe está sometida á supervisión dun veterinario oficial.

O veterinario oficial do matadoiro avaliará a información subministrada co obxecto de decidir as medidas que deberán adoptarse respecto dos animais procedentes da explotación de que se trate, e en particular o tipo de inspección antes do sacrificio.

3. O certificado sanitario de movemento establecido no artigo 7, e o certificado de inspección antes do sacrificio a que se refire o punto 1 deste artigo, poderán ser substituídos por un certificado único, emitido polo veterinario oficial ou habilitado. O devandito certificado incluírá os datos que se establecen na parte C do anexo IV e terá un período de validez máxima de 72 horas. Se as aves non chegaron ó matadoiro dentro do seu período de validez, deberase proceder á emisión doutro certificado para que o veterinario oficial do matadoiro poida proceder ó sacrificio das aves.

#### Artigo 10. *Inspección previa en matadoiro.*

No caso de criadores que non superen na súa produción anual os límites establecidos na parte D do anexo IV, a inspección antes do sacrificio poderá efectuarse no matadoiro, no referente, exclusivamente, ós exames complementarios previstos para establecer un diagnóstico.

O criador deberá facilitar unha declaración responsable que acredite que a súa produción anual non supera as devanditas cantidades.

#### Artigo 11. *Obrigas derivadas da inspección.*

1. O propietario, o seu representante ou a persoa habilitada para dispor das aves de curral deberá facilitar as operacións de inspección antes do sacrificio das aves e, en particular, asistilo veterinario oficial ou habilitado en calquera manipulación que se xulgase útil. O veterinario oficial ou habilitado deberá proceder á inspección antes do sacrificio de acordo coas normas profesionais e en condicións de iluminación satisfactorias.

2. Co obxecto de que os servizos oficiais veterinarios da autoridade competente poidan exercer un control sobre as actividades do veterinario habilitado, este informará periodicamente os devanditos servizos oficiais veterinarios das súas actuacións e remitiralles trimestralmente copia das certificacións sanitarias antes do sacrificio acompañadas da correspondente folla de manda. Así mesmo, estes servizos xirarán visitas periódicas ás explotacións ou granxas avícolas co fin de comprobar in situ as actuacións dos veterinarios habilitados.

### CAPÍTULO V

#### Control sanitario e loita contra enfermidades aviares

##### Artigo 12. *Deber de notificación e comunicación de zoonoses.*

1. De conformidade co disposto no artigo 3 do Real decreto 2491/1994, do 23 de decembro, polo que se

establecen medidas de protección contra determinadas zoonoses, procedentes dos animais e produtos de orixe animal, co fin de evita-las infeccións e intoxicacións procedentes dos alimentos, os veterinarios notificaránlles ás autoridades competentes os casos, confirmados ou sospeitosos, relativos ás zoonoses e axentes zoonóticos.

2. Nos casos de zoonoses detectados polos servizos oficiais veterinarios dos matadoiros, será de aplicación o disposto no Real decreto 2087/1994, do 20 de outubro, polo que se establecen as condicións sanitarias de produción e comercialización de carnes frescas de aves de curral. Así mesmo, toda sospeita de zoonose debe ser declarada pola persoa que estea ó cargo ou á custodia da manda ó veterinario habilitado, que o porá en coñecemento das autoridades competentes.

3. As autoridades competentes das comunidades autónomas comunicaránlles semestralmente ós ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación, e de Sanidade e Consumo, no ámbito das súas respectivas competencias, os casos rexistrados relativos ás zoonoses e axentes zoonóticos e, antes do 31 de xaneiro de cada ano, remitirán un resumo e avaliación dos casos de zoonose rexistrados durante o ano anterior.

##### Artigo 13. *Vacunación.*

1. Para a vacinación das aves de curral ou das mandas de orixe dos ovos para incubar, unicamente poderán utilizarse vacinas que dispoñan da previa autorización de comercialización da Axencia Española do Medicamento.

2. Realizada a vacinación, nos rexistros previstos no punto 7 da parte A e no punto 8 da parte B, ámbolos dous do capítulo I do anexo II, e dispoñible en toda granxa de selección, multiplicación, produción e cría e nas incubadoras, cando proceda, anotaranse polo menos os seguintes datos:

- a) Data de vacinación.
- b) Tipo de vacina: viva/inactivada.
- c) Denominación comercial da vacina administrada.
- d) Titular da autorización de comercialización da vacina administrada.

##### Artigo 14. *Programas sanitarios obrigatorios.*

1. En tódalas explotacións deberá realizarse o programa sanitario encamiñado ó control dos procesos infecto-contaxiosos e parasitarios, previsto no artigo 3.2.b).

2. Nas mandas de aves reproductoras, así mesmo, será obrigatorio un programa sanitario de control específico de salmonelas. O titular das incubadoras de mandas de aves reproductoras deberá facer que se efectúen ó seu cargo tomas de mostras para a detección de salmonelas, que deberán realizarse nun laboratorio autorizado ou recoñecido para o efecto pola autoridade competente. O control axustarase ó disposto no anexo V.

3. Nas explotacións que realicen comercio intracomunitario, deberase levar a cabo o programa a que se refire o punto 1, e o programa mínimo de controis sanitarios contido no anexo VI.

##### Artigo 15. *Outros programas de loita contra as enfermidades aviares.*

1. As comunidades autónomas que establezan programas, facultativos ou obrigatorios, de loita contra unha ou varias enfermidades a que estean expostas as aves de curral notificaránllo á Dirección Xeral de Gandería



t do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, facendo especial referencia a:

- a) A situación da enfermidade no seu territorio.
- b) A xustificación do programa pola importancia da enfermidade e as súas vantaxes desde o punto de vista da relación custo/beneficio.
- c) A zona xeográfica na que se vai aplica-lo programa.
- d) Os diferentes estatutos aplicables ás granxas e as normas que deberán alcanzarse en cada categoría, así como os procedementos de proba.
- e) Os procedementos de control do devandito programa.
- f) As consecuencias que deben deducirse da perda do estatuto por parte da granxa, polo motivo que fose.
- g) As medidas que se deben tomar no caso de observárense resultados positivos durante os controis realizados conforme as disposicións do programa.

2. Se así procedese tralo estudio do programa, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través da canle correspondente, presentará as xustificacións á Comisión Europea, para que poidan ser recoñecidas garantías complementarias xerais ou limitadas ó comercio intracomunitario de aves de curral destinadas ó territorio ou zona de que se trate.

#### Artigo 16. *Zonas ou comunidades autónomas indemnes.*

1. Cando unha comunidade autónoma considere que unha zona, ou a totalidade do seu ámbito territorial, se atopa indemne dalgunha das enfermidades a que están expostas as aves de curral, remitirá as xustificacións axeitadas ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, e en particular:

- a) A natureza da enfermidade e o historial da súa aparición no seu territorio.
- b) Os resultados das probas de control, baseados nunha investigación serolóxica, microbiolóxica ou patolóxica e no feito de que a devandita enfermidade deba ser declarada obrigatoriamente ás autoridades competentes.
- c) O período durante o cal se efectuou o control.
- d) Se é o caso, o período durante o cal a vacinación contra a enfermidade estivo prohibida e a zona xeográfica afectada pola devandita prohibición.
- e) As normas que se seguiron para o control da ausencia da enfermidade.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación examinará as xustificacións e, se é o caso, a través da canle correspondente, presentarallas á Comisión Europea, para que sexan recoñecidas garantías complementarias xerais ou limitadas ó comercio intracomunitario de aves de curral destinadas a ese territorio.

#### CAPÍTULO VI

##### Infraccións e sancións

#### Artigo 17. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido na Lei de epizootias do 20 de decembro de 1952, no Regulamento de epizootias do 4 de febreiro de 1955, no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da

producción agroalimentaria, e no artigo 103 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, sen prexuízo das posibles responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición transitoria única. *Período de adaptación.*

As explotacións avícolas en funcionamento no momento da entrada en vigor deste real decreto e que non reúnan os requisitos e condicións que se establecen para a súa instalación ou funcionamento disporán dun período de adaptación dun ano.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1 13.<sup>a</sup> e 16.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e de bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para dictar, no ámbito das súas competencias, as disposicións que sexan necesarias para o cumprimento e aplicación do disposto neste real decreto, así como para a modificación do contido dos anexos por motivos urxentes de sanidade animal ou para a súa adaptación á normativa comunitaria.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de marzo de 2003.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,  
MIGUEL ARIAS CAÑETE

#### ANEXO I

##### Requisitos de instalación para a concesión da autorización sanitaria

#### CAPÍTULO I

##### Granxas de selección, multiplicación, produción e cría

1. A situación e a disposición das instalacións deberán ser adecuadas ó tipo de produción emprendida e evitar, na medida do posible, a introducción de enfermidades ou garanti-lo seu control en caso de que aparecesen.

2. Cando unha granxa albergue máis dunha especie de aves de curral, as ditas especies estarán claramente separadas entre si.

3. As instalacións deberán garantir unhas boas condicións de hixiene e permiti-la práctica do control sanitario.

4. O material deberá ser adecuado para o tipo de produción emprendida e permiti-la limpeza e desinfección das instalacións e dos medios de transporte das aves e dos ovos.

## CAPÍTULO II

### Incubadoras

1. Deberá existir unha separación física e funcional entre a incubadora e as instalacións de cría. A disposición deberá permiti-la separación dos diversos sectores funcionais:

- a) Almacenamento e clasificación dos ovos.
- b) Desinfección.
- c) Preincubación.
- d) Nacemento.
- e) Preparación e acondicionamento das expedicións.

2. Os edificios deberán estar protexidos contra os paxaros procedentes do exterior e os roedores. Os chans e as paredes deberán ser de materiais resistentes, impermeables e lavables. As condicións de iluminación natural ou artificial e os sistemas de regulación do aire e da temperatura deberán se-los axeitados. Deberá estar prevista a eliminación hixiénica dos desperdicios (ovos e pitos).

3. O material deberá te-las paredes lisas e impermeables.

## ANEXO II

### Condicións sanitarias de funcionamento

#### CAPÍTULO I

##### Condicións xerais

A. Granxas de selección, multiplicación, produción e cría.

1. Na medida do posible, a técnica de cría estará baseada nos principios da «cría protexida» e do «todo dentro, todo fóra», dentro de cada nave. Entre cada lote, deberá practicarse a limpeza, a desinfección e o baleiro sanitario.

2. As granxas de selección ou multiplicación e de cría só poderán albergar aves de curral procedentes:

- a) Da propia granxa.
- b) Doutras granxas de cría, produción, de selección ou de multiplicación da Unión Europea igualmente autorizadas.
- c) De importacións de países terceiros realizadas de acordo coas disposicións do Real decreto 1888/2000, do 22 de novembro, polo que se establecen as condicións de sanidade animal aplicables ós intercambios comunitarios e as importacións de aves de curral e de ovos para incubar, procedentes de países terceiros.

3. A dirección veterinaria da granxa dictará as normas de hixiene que deban adoptarse. O persoal deberá levar uniformes de traballo, e os visitantes, pezas de roupa de protección.

4. Os edificios, os recintos e o material deberán ser obxecto dun bo mantemento.

5. Os ovos incubables recolleranse varias veces ó día e deberán quedar limpos e desinfectados o antes posible.

6. O produtor comunicaralle ó veterinario oficial ou habilitado calquera variación que se produza na evolución do rendemento ou calquera síntoma que poida espertar unha sospeita de enfermidade de declaración obrigatoria das aves. En canto exista sospeita, o veterinario habilitado enviará a un laboratorio autorizado as mostras necesarias para o establecemento ou a confirmación do diagnóstico.

7. Levarase un rexistro de cría, en ficheiro ou soporte informático (folla de rexistro de datos da manda) por manda, con base no cal se realizará a inspección antes do sacrificio á que se refiren os artigos 10 e 11 deste real decreto. O devandito documento ou unha copia deste conservárase un mínimo de dous anos na explotación despois de eliminada a manda, e nel indicárase, polo menos:

- a) Día de chegada das aves.
- b) Procedencia das aves.
- c) Número de aves.
- d) Rendemento efectivo da especie (por exemplo, aumento de peso).
- e) Mortalidade.
- f) Provedores de pensos.
- g) Tipo e período de utilización dos aditivos e prazo de espera.
- h) Consumo de pensos e de auga.
- i) Análises e diagnósticos do veterinario e, se é o caso, resultados das análises de laboratorio.
- j) Tipo de medicamento que, se é o caso, se lles administrará ás aves, data do inicio e do final da súa administración (ou, se é o caso, referencia ó libro de tratamentos).
- k) Datas e tipos de vacinas que, se é o caso, se aplicarán (ou, se é o caso, referencia ó libro de tratamentos).
- l) Incremento de peso durante o período de engorda.
- m) Resultados das inspeccións sanitarias anteriores efectuadas sobre as aves de curral procedentes da mesma manda.
- n) Número de aves enviadas ó matadoiro.
- ñ) Data prevista para o sacrificio.

8. En caso de enfermidade de declaración obrigatoria das aves, os resultados das análises de laboratorio deberán selles comunicar inmediatamente ás autoridades competentes da comunidade autónoma onde radique a explotación e ó veterinario habilitado.

B. Incubadoras.

1. O funcionamento estará baseado no principio de circulación en sentido único dos ovos, do material de servizo e do persoal.

2. Os ovos para incubar deberán proceder:

- a) De granxas de selección ou multiplicación da Unión Europea autorizadas.
- b) De importacións desde países terceiros realizadas de acordo coas disposicións do Real decreto 1888/2000.

3. A dirección veterinaria da granxa dictará as normas de hixiene; o persoal deberá levar uniforme de traballo, e os visitantes, pezas de roupa de protección.

4. Tanto os edificios como o material deberán ser obxecto dun bo mantemento.

5. As operacións de desinfección afectarán:

- a) Os ovos, entre o momento da súa chegada e a súa posta en incubación.
- b) As incubadoras, de forma sistemática.

t

c) As cámaras de nacemento e o material, tras cada nacemento.

6. Levarase a cabo un programa de control de calidade microbiolóxico que permita avalia-lo estado sanitario da incubadora.

7. O produtor comunicaralle ó veterinario oficial ou habilitado calquera variación que se produza na evolución da produción ou calquera síntoma que poida espertar unha sospeita de enfermidade de declaración obrigatoria das aves. En canto exista sospeita de enfermidade contaxiosa, o veterinario habilitado enviará a un laboratorio autorizado as mostras necesarias para o establecemento ou a confirmación do diagnóstico e informará a autoridade sanitaria competente, que decidirá as medidas oportunas.

8. Levarase un rexistro de incubadora, en ficheiro ou soporte informático, que se conservará polo menos durante dous anos, por manda se é posible, e no que se indicará:

- a) Titular da incubadora.
- b) N.º de autorización sanitaria.
- c) Tipo ou especie de ave de curral da que proceden os ovos incubados:

1.º Procedencia dos ovos e n.º de autorización sanitaria.

2.º Data de chegada.

3.º N.º de ovos.

4.º Resultados dos nacementos.

5.º Análises de laboratorio realizadas e os resultados obtidos.

6.º Vacinacións.

7.º Número e destino dos ovos incubados que non deron lugar a nacementos.

8.º Destino dos pitos dun día de vida.

9. En caso de enfermidade de declaración obrigatoria das aves, os resultados das análises de laboratorio deberán ser inmediatamente comunicados ó veterinario habilitado, quen llelo comunicará ás autoridades competentes.

## CAPÍTULO II

### Condicións específicas de explotacións que realicen comercio intracomunitario

Ademais das condicións anteriores deberán cumprilas seguintes:

1. Aplicar e cumprilas condicións dun programa de control sanitario das enfermidades, tal e como se establece no capítulo V deste real decreto.

2. Someterse, nun control sanitario organizado, á vixilancia dos órganos competentes das comunidades autónomas. En particular, o dito control sanitario incluirá:

a) Unha visita sanitaria anual, como mínimo, efectuada polo veterinario oficial, que se completará cun control da aplicación das medidas de hixiene e de funcionamento da granxa.

b) O rexistro, por parte do produtor, de tódolos datos necesarios para que a autoridade veterinaria competente poida levar un control permanente do estado sanitario.

3. Conter exclusivamente as aves de curral establecidas no capítulo anterior deste anexo en función do tipo de explotación.

## ANEXO III

### Movemento pecuario dentro do territorio nacional

#### PARTE A. REQUISITOS DO MOVEMENTO

Nos movementos cumpriranse os requisitos seguintes:

#### CAPÍTULO I

##### Requisitos xerais

As aves de cría, de explotación, para matadoiro e para subministración de caza de explotación, os ovos para incubar e os pitos dun día deberán cumprilas seguintes condicións:

1. Procederán de explotacións que deberán:

a) Dispor da autorización sanitaria da autoridade competente da comunidade autónoma.

b) Non estar suxeitas, no momento da expedición, a ningunha medida de policía sanitaria aplicable ás aves de curral.

c) Estar situadas fóra dunha zona sometida, por razóns sanitarias, a medidas restrictivas conforme a normativa comunitaria ou nacional, debido ó brote dunha enfermidade que poida afecta-las aves de que se trate.

2. As caixas, gaiolas e medios de transporte deberán estar concibidos de tal modo que:

a) Eviten a perda de excrementos e reduzan na medida do posible a perda de plumas durante o transporte.

b) Faciliten a observación das aves.

c) Permitan a limpeza e a desinfección.

3. Os medios de transporte e, se non son de uso único, tamén os colectores, caixas e gaiolas deberán ser limpados e desinfectados antes da súa carga e despois da súa descarga, segundo as instrucións da autoridade competente da comunidade autónoma de que se trate.

4. Ademais, se na manda da que procedan os ovos para incubar se declarase unha enfermidade transmisible mediante os ovos durante o período de incubación, este feito deberáselles notificar ó criadeiro afectado e mais ás autoridades responsables do criadeiro e da manda de orixe.

#### CAPÍTULO II

##### Requisitos específicos

A. Aves para matadoiro.

As aves para matadoiro deberán cumprilas seguintes condicións:

1. Proceder dunha explotación:

a) Onde permanecesen desde o seu nacemento ou desde hai máis de 21 días.

b) Estar exentas de calquera medida de policía sanitaria aplicable a aves de curral.

c) Na que, durante o recoñecemento sanitario da manda da que procedan as aves destinadas ó sacrificio efectuado por un veterinario oficial ou habilitado dentro dos cinco días anteriores á expedición, non se observase ningún síntoma clínico nin sospeita de enfermidade contaxiosa para as aves de curral (certificado sanitario).

d) Situada fóra dunha zona sometida, por razóns sanitarias, a medidas restrictivas conforme a normativa



comunitaria ou nacional, debido ó xerme dunha enfermidade que poida afecta-las aves de curral (influenza aviaria, enfermidade de Newcastle).

2. As aves para matadoiro deberán enviarse o antes posible ó matadoiro destinatario sen que entren en contacto con outras aves, con excepción das aves para matadoiro que cumpran as condicións establecidas para o comercio intracomunitario.

B. Ovos para incubar.

1. Deberán ser transportados:

- a) En embalaxes novas de uso único concibidas para tal fin, que se usarán unha soa vez e serán destruídas, ou
- b) En embalaxes que poderán ser reutilizadas logo de limpeza e desinfección.

As lendas que deban figurar na embalaxe inscribíranse con tinta indeleble de cor negra e en caracteres de, polo menos, 20 milímetros de alto por 10 milímetros de largo; os trazos serán de 1 milímetro de grosor.

2. En calquera caso, as embalaxes deberán:

a) Conter soamente ovos para incubar da mesma especie, categoría e tipo de ave e procedentes da mesma granxa.

b) Indicar na súa etiqueta:

- 1.º O nome do Estado membro e da rexión de orixe.
- 2.º O número de autorización sanitaria da granxa de orixe.
- 3.º A mención «Ovos para incubar»
- 4.º O n.º de ovos contidos.
- 5.º A especie de ave de curral.

3. Deberán estar identificados conforme o disposto no Regulamento (CEE) n.º 2782/1975, relativo á produción e comercialización dos ovos para incubar e dos pitos de aves de curral, e no Regulamento (CEE) n.º 1868/1977 da Comisión, do 29 de xullo de 1977, polo que se establecen modalidades de aplicación do citado Regulamento (CEE) 2782/1975.

C. Pitos dun día.

1. Deberán proceder de ovos para incubar que reúnan as condicións anteriormente sinaladas.

2. Se foron vacinados, as vacinas utilizadas deberán satisfacer as esixencias legais e deberán ter sido producidas, controladas e distribuídas baixo control oficial.

3. Non presentarán no momento da súa expedición ningún sintoma que permita sospeita-la existencia de enfermidade infecto-contaxiosa.

4. Os pitos dun día de vida deberán ser transportados:

- a) En embalaxes novas de uso único concibidas para tal fin, que se usarán unha soa vez e serán destruídas, ou
- b) En embalaxes que poderán ser reutilizadas logo de limpeza e desinfección.

5. En calquera caso, as embalaxes deberán:

a) Conter soamente pitos dun día de vida da mesma especie, categoría e tipo de ave e procedentes da mesma granxa.

b) Indicar na súa etiqueta:

- 1.º O nome do Estado membro e da rexión de orixe.
- 2.º O número de autorización sanitaria da granxa de orixe.
- 3.º O número de pitos contidos.
- 4.º A especie de ave de curral.

6. Os pitos dun día deberán enviarse o antes posible á granxa destinataria sen que entren en contacto con outras aves vivas, con excepción de pitos dun día que cumpran as condicións establecidas para comercio intracomunitario.

D. Aves de cría e explotación.

1. Se foron vacinadas, as vacinas utilizadas deberán satisfacer as esixencias establecidas no artigo 13.

2. Deberán ter sido sometidas a un exame sanitario efectuado polo veterinario oficial ou habilitado nas 48 horas previas á expedición, sen constatare ningún sintoma clínico ou sospeita de enfermidade contaxiosa.

3. As aves de cría ou de explotación deberán ser transportadas en caixas ou gaiolas:

- a) Que só conteñan aves de curral da mesma especie, categoría e tipo, e que proveñan da mesma granxa.
- b) Que leven o número de autorización sanitaria da granxa de orixe.
- c) Cerradas segundo as instrucións da autoridade competente de tal maneira que se evite toda posibilidade de substitución do contido.

4. As aves de cría e de explotación deberán enviarse o antes posible á granxa destinataria sen que entren en contacto con outras aves vivas, con excepción das aves de cría e de explotación que cumpran as condicións establecidas para comercio intracomunitario.

E. Aves destinadas á subministración de caza de repoboación (incluídos os ovos para incubar e os pitos dun día).

1. No momento da súa expedición, as aves de máis de 72 horas de vida destinadas á subministración de caza silvestre de repoboación deberán proceder dunha explotación:

- a) Onde permanecesen desde o seu nacemento ou durante máis de 21 días e onde non entrasen en contacto con aves de curral acabadas de chegar durante as dúas semanas anteriores á expedición.
- b) Que non estea sometida a ningunha restricción sanitaria aplicable ás aves de curral.
- c) Na cal, durante o recoñecemento sanitario da manda da que procedan as aves, efectuado por un veterinario oficial ou habilitado nas 48 horas á expedición, non se observase ningún sintoma clínico nin sospeita de enfermidade contaxiosa para as aves de curral.
- d) Situada fóra dunha zona sometida a prohibición, por razóns sanitarias, conforme a lexislación comunitaria, debido ó brote epidémico dunha enfermidade que poida afecta-las aves de curral.

2. As aves destinadas á subministración de caza para repoboación deberán enviarse o antes posible ó punto de destino sen que entren en contacto con outras aves, agás as destinadas á subministración de caza para repoboación que cumpran as condicións establecidas para comercio intracomunitario.

PARTE B. CERTIFICADO SANITARIO DE MOVIMENTO DE ANIMAIS DENTRO DO TERRITORIO NACIONAL

O certificado sanitario de movemento deberá conter, polo menos, os seguintes datos:

- a) N.º de certificado.
- b) Datos da explotación:
  - 1.º Titular da explotación.
  - 2.º N.º de autorización sanitaria da explotación de orixe.
  - 3.º Municipio e provincia en que radica.

t

- c) Datos dos animais:
- 1.º Tipo de animais (polos, poñedoras, reproductores, pavos, outros).
  - 2.º N.º de animais da partida.
- d) Destino:
- 1.º Explotación (n.º de autorización sanitaria, municipio e provincia).
  - 2.º Concentración de animais (municipio e provincia).
  - 3.º Matadoiro (n.º de autorización sanitaria, municipio e provincia).
- e) Data e hora en que se realiza a inspección, e resultado desta.
- f) Data de expedición (en caso de non coincidir coa data na que se realiza a inspección).
- g) Autorización do transporte, lugar, data de emisión do certificado, identificación e sinatura do veterinario.
- h) Transporte (que cubrirá e asinará o titular ou responsable da explotación):
- 1.º Nome do transportista.
  - 2.º Matrícula do vehículo.
- i) Validez do certificado: 5 días.

#### ANEXO IV

##### Aves de curral con destino a sacrificio

###### PARTE A. REQUISITOS

1. A inspección antes do sacrificio na explotación de orixe incluírá, polo menos, os aspectos seguintes:
  - a) En función da especie de aves de curral, examínanse os rexistros do criador, que deberán incluír, como mínimo, os datos seguintes:
    - 1.º Día de chegada das aves.
    - 2.º Procedencia das aves.
    - 3.º Número de aves.
    - 4.º Rendemento efectivo da especie (por exemplo, aumento de peso).
    - 5.º Mortalidade.
    - 6.º Provedores de pensos.
    - 7.º Tipo e período de utilización dos aditivos e prazo de espera.
    - 8.º Consumo de pensos e de auga.
    - 9.º Análises e diagnósticos do veterinario e, se é o caso, resultados das análises de laboratorio.
    - 10.º Tipo de medicamento que, se é o caso, se lles administrase ás aves, data do inicio e do final da súa administración (ou, se é o caso, referencia ó libro de tratamentos).
    - 11.º Datas e tipos de vacinas que, se é o caso, se aplicasen (ou, se é o caso, referencia ó libro de tratamentos).
    - 12.º Incremento de peso durante o período de engorda.
    - 13.º Resultados das inspeccións sanitarias anteriores efectuadas sobre as aves de curral procedentes da mesma manda.
    - 14.º Número de aves enviadas ó matadoiro.
    - 15.º Data prevista para o sacrificio.
  - b) Os exames complementarios, se houbese, necesarios para establecer un diagnóstico sobre se as aves de curral:
    - 1.º Están afectadas dunha enfermidade transmisible ó home ou ós animais, ou se presentan un comportamento individual ou colectivo que permita teme-la aparición da dita enfermidade.

2.º Presentan alteracións do comportamento xeral ou síntomas dunha enfermidade que poida motivar que as súas carnes sexan inadecuadas para o consumo humano.

- c) A toma de mostras periódica na auga e os pensos das aves de curral, se houbese, para controlar se se respectan os períodos de espera.
- d) Os resultados da detección de axentes zoonóticos.

###### PARTE B. CERTIFICADO SANITARIO DE INSPECCIÓN PREVIA NA EXPLOTACIÓN

- a) Identificación dos animais:
- 1.º Especie animal.
  - 2.º N.º de animais.
  - 3.º Sinal para a súa identificación, se procede.
- b) Procedencia dos animais:
- 1.º N.º de autorización sanitaria da explotación.
  - 2.º Dirección da explotación.
- c) Data e hora en que se realiza a inspección e resultado desta.
- d) Nome e sinatura do veterinario.
- e) Certificados sanitarios de traslado (serán cubertos e asinados polo titular ou responsable da explotación):
- 1.º N.º de certificado.
  - 2.º N.º aves.
  - 3.º Matadoiro.
  - 4.º Provincia.
  - 5.º Data.
  - 6.º Transportista e matrícula.
- f) Validez do certificado: 72 horas.

###### PARTE C. CERTIFICADO ÚNICO PARA AVES DE CURRAL CON DESTINO Ó MATADOIRO QUE ENGLoba O CERTIFICADO SANITARIO ANTES DO SACRIFICIO E O DE MOVEMENTO DENTRO DO TERRITORIO NACIONAL

- a) N.º de certificado.
- b) Datos dos animais:
- 1.º Especie animal.
  - 2.º Número de animais.
  - 3.º Sinal para a súa identificación, se procede.
- c) Procedencia dos animais:
- 1.º N.º de autorización sanitaria da explotación.
  - 2.º Municipio e provincia en que radica a explotación.
- d) Data e hora da inspección, e resultado desta.
- e) Lugar e data de emisión do certificado, e identificación e sinatura do veterinario.
- f) Datos do transporte (cubriros e asinaraos o titular ou responsable da explotación):
- 1.º Nome do transportista.
  - 2.º Matrícula do vehículo.
- g) Validez do certificado: 72 horas.

###### PARTE D. INSPECCIÓN PREVIA EN MATADOIRO

O límite máximo de produción a que se refire o artigo 10 será de 20.000 polos, 15.000 parrulos, 10.000 pavos ou 10.000 gansos ou o seu equivalente nas outras especies de aves de curral.



## ANEXO V

## Control de salmonelas

## 1. Cadro de controis.

Zoonose/axente zoonótico	Especie animal	Datos	Mostras
Salmonella enteritidis e typhimurium.	1. Mandas de aves reproductoras de Gallus gallus.		
	1.1 Mandas de cría.	Animais vivos.	I. Pitos dun día. II. Polos de 4 semanas. III. 2 semanas antes de entrar na fase ou na unidade de posta.
	1.2 Aves reproductoras adultas.	Animais vivos.	Cada 2 semanas durante a fase de posta.

A totalidade dos resultados das análises e controis efectuados sobre unha manda, incluídos os da incubadora referidos á dita manda, deben ser conservados polo propietario dos animais durante polo menos 2 anos e estar á disposición dos servicios oficiais veterinarios.

## 2. Controis en mandas de cría.

As mostras que deberán tomarse deberán incluír:

a) No caso dos pitos dun día, 10 mostras tomadas nos revestimentos internos das caixas nos pitos no momento de seren entregados á explotación ou dos cadáveres dos pitos que se encontrasen mortos á chegada, e

b) No caso das poliñas de catro semanas de idade ou das tomas de mostras efectuadas dúas semanas antes de comeza-lo período de posta das poliñas, mostras compostas de feces, nas que cada mostra incluírá mostras separadas de feces frescas, cada unha delas dun peso dun gramo como mínimo, recollidas aleatoriamente en varios puntos.

c) Local no que se manteñan os animais. Cando estes teñan libre acceso a máis dun local dunha explotación determinada, deberán tomarse as mostras en cada grupo de locais da explotación na que se manteñan as aves de curral.

d) O número de mostras distintas de feces que deberán tomarse para dispor dun abano completo de mostras deberá ser como se indica a continuación:

N.º aves mantidas nun local	N.º mostras que deben tomarse no local/ grupo de locais da explotación
1-24	(N.º igual ó n.º de aves, ata máximo de 20).
25-29	20
30-39	25
40-49	30
50-59	35
60-89	40
90-199	50
200-499	55
500 ou máis	60

e) Os controis de mostras de feces poderán ser tomadas con hisopos arrastrados sobre o leito ou ben fixados a calzas e levados sobre a lonxitude do edificio durante polo menos 3 minutos.

3. Controis en mandas de aves de curral reproductoras adultas.

a) Tódalas aves de curral reproductoras deberán ser sometidas a mostraxe polo menos cada dúas semanas durante o período de posta.

b) Tódalas mandas de aves reproductoras os ovos das cales se entreguen a unha incubadora dunha capacidade de incubación de menos de 1000 ovos deberán ser sometidas a tomas de mostras na explotación, e as mostras que deberán tomarse deberán estar compostas de feces frescas, recollidas de conformidade co cadro anterior.

c) As mandas de aves reproductoras os ovos das cales se entreguen a unha incubadora dunha capacidade de incubación de 1000 ovos ou máis deberán ser sometidas a tomas de mostras na incubadora. Estas tomas de mostras deberán consistir en:

1.º Unha mostra heteroxénea de meconio tomada de 250 pitos saídos de ovos entregados á incubadora, para cada manda de aves reproductoras, ou

2.º Mostras de cadáveres de 50 pitos mortos na súa casca, ou que fosen incubados en ovos entregados á incubadora, e iso para cada manda de aves reproductoras.

As ditas mostras poderán tomarse, así mesmo, de mandas de aves reproductoras que comprendan 250 aves, como mínimo, os ovos das cales se entreguen a unha incubadora dunha capacidade de incubación total de 1000 ovos o máis.

d) Cada oito semanas as tomas de mostras previstas neste punto substituiranse por tomas de mostras oficiais.

4. Notificación dos resultados e actuacións que se van realizar.

a) Cando, como resultado dun control efectuado se detecte a presenza de Salmonella enteritidis ou typhimurium nunha manda de aves reproductoras, a persoa responsable do laboratorio autorizado que efectúese o exame notificaralle os resultados á autoridade competente da comunidade autónoma, a cal ordenará que se efectúen tomas de mostras oficiais na manda de aves para confirma-los primeiros resultados. Tomarase ó chou unha mostra de aves en cada un dos locais nos que se manteñan as aves. O número de mostras dependerá do tamaño da manda. Un número representativo de aves serán sacrificadas e os seus ovarios, fígado e intestinos serán bacterioloxicamente testados. As ditas mostras serán remitidas ó laboratorio oficial da comunidade autónoma para que proceda á confirmación ou non da infección. A súa tipificación será realizada polo Laboratorio de Referencia de Algete (Madrid) ou polos laboratorios oficiais ou autorizados polas comunidades autónomas.

b) Cando, como resultado dun exame efectuado no laboratorio oficial, se confirme a presenza de Salmonella enteritidis ou typhimurium nun dos locais, deberán tomarse as medidas para garantir:

1.º Que non se produza ningún movemento das aves vivas, incluídos os pitos dun día nados destas, a partir dese local salvo autorización previa da autoridade veterinaria competente para o seu sacrificio e destrución baixo control oficial, debendo ser tratadas como materias de alto risco de conformidade co Real decreto 2224/1993, do 17 de decembro, sobre normas sanitarias de eliminación e transformación de animais mortos

e desperdicios de orixe animal e protección fronte a axentes patóxenos en pensos de orixe animal.

2.º Que os ovos non incubados procedentes do dito local sexan destruídos in situ, a non ser que, despois dunha marcaxe apropiada, sexan trasladados a un establecemento autorizado para o tratamento de ovoprodutos, co fin de os tratar por calor de acordo cos requisitos do Real decreto 1348/1992, do 6 de novembro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria que regula a produción e comercialización dos ovoprodutos, mentres non se establecese á satisfacción da autoridade veterinaria competente que a infección debida á *Salmonella enteritidis* ou *typhimurium* desapareceu.

c) Se se opta polo sacrificio, tódalas aves reproductoras adultas do local deberán sacrificarse de acordo co disposto na letra c) do capítulo VI do anexo I do Real decreto 2087/1994, do 20 de outubro, polo que se establecen as condicións sanitarias de produción e comercialización de carnes frescas de aves de curral, e deberá informarse da dita decisión de proceder ó sacrificio o veterinario oficial do matadoiro, de maneira que se reduza ó máximo o risco de propagación da salmonela. Tralo baleirado dos locais ocupados por mandas infectadas por *Salmonella enteritidis* e *typhimurium*, deberá procederse a unha limpeza e desinfección eficaces, que incluírán a eliminación hixiénica dos excrementos ou do leito.

## ANEXO VI

### Programa de control sanitario de explotacións que realizan comercio intracomunitario

Nos programas de control sanitario das enfermidades, que establezan as autoridades competentes respecto das explotacións que realizan comercio intracomunitario, recolleranse polo menos condicións de control das seguintes infeccións:

#### CAPÍTULO I

##### Especie *Gallus Gallus*

Os controis realizaranse do seguinte xeito:

A. Salmonelose por *Salmonella enteritidis*, *Salmonella typhimurium*, *Salmonella pullorum-gallinarum*.

Poñedoras:

1 día.

2 semanas antes de entrar en posta ou na nave de posta.

Cada 10 semanas en posta.

Reproductoras:

1 día.

4 semanas.

2 semanas antes de entrada en posta.

Cada 2 semanas en posta.

Broilers:

Controis en matadoiro un día de cada mes.

B. Micoplasmose por *Mycoplasma gallisepticum*.

Poñedoras:

1 día.

Cada 3 meses.

Reproductoras:

1 día.

Cada 3 meses.

C. Newcastle e influenza aviar.

Poñedoras:

28 semanas.

68 semanas.

Reproductoras:

28 semanas.

58 semanas.

Broilers:

Controis en matadoiro un día de cada mes.

#### CAPÍTULO II

##### Outras aves de curral

O resto de aves de curral distintas da especie *Gallus gallus* controlaranse coa mesma sistemática seguida para estas, salvo no caso do pavo, para o que os controis establecidos en aves reproductoras, incubadoras e matadoiro se estenden tamén ó control de *M. meleagridis* e *S. arizonae*.

#### CAPÍTULO III

##### Sistemática dos controis

1. A determinación da infección efectuarase mediante análises serolóxicas ou bacteriolóxicas.

2. As mostras que deban analizarse serán, segundo os casos, de sangue de pitos de 2.ª calidade, de plumón ou de po da cámara de nacemento, da materia adherida ás paredes da incubadora, do leito, da auga do bebedoiro ou mediante a comprobación de lesións de aerosaculite en pitos e paviños dun día de vida, de esperma, de raspado de traquea, de cloaca aviar, de sacos aéreos ou de sangue, segundo proceda, para micoplasmas.

#### CAPÍTULO IV

##### Resultados e medidas que hai que adoptar

De non se producir unha reacción, o control é negativo. En caso contrario, a manda considerarase sospeitosa e deberán aplicárselle as medidas establecidas no punto B.

A. No caso de granxas que conteñan varias unidades de produción independentes, os órganos competentes das comunidades autónomas poderán establecer excepcións a estas medidas no que se refire ás unidades de produción sas dunha granxa infectada, sempre e cando o veterinario habilitado confirmase que a estrutura destas unidades de produción, a súa importancia e as operacións que nestas se realizan son de tal natureza que, desde o punto de vista do aloxamento, do mantemento e da alimentación, tales unidades de produción son completamente independentes, de modo que non é posible que a enfermidade de que se trate se propague dunha unidade de produción a outra.

B. Supostos de suspensión ou revogación da autorización dunha granxa.

1. Suspensión da autorización dunha granxa:

a) Cando deixen de cumprirse as condicións establecidas para o programa de control sanitario das enfermidades.

b) Ata que conclúa a necesaria investigación sobre a enfermidade:

1.º En caso de que se sospeite a existencia de influenza aviar ou de enfermidade de Newcastle na granxa.

2.º En caso de que a granxa recibise aves de curral ou ovos para incubar procedentes dunha granxa sospeitosa de infección ou infectada de influenza aviar ou de enfermidade de Newcastle.

3.º En caso de que se establecese un contacto que poida transmitir a infección entre a granxa e un foco de influenza aviar ou de enfermidade de Newcastle.

Finalizada a dita investigación, levantarase a suspensión ou revogarase a autorización, segundo proceda.

c) Ata a realización de novas análises, en caso de que os resultados dos controis relativos ás infeccións de *S. pullorum* e *S. gallinarum*, *S. arizonae*, *M. gallisepticum* ou *M. meleagridis* puidesen deixar entreve-la presenza dunha infección.

d) Ata a aplicación das medidas que o veterinario oficial xulgue oportunas, en caso de comprobarse que a granxa non satisfai as esixencias de instalación e funcionamento ou non cumpre co programa de control sanitario das enfermidades.

## 2. Revogación da autorización:

a) En caso de que se declare a influenza aviar ou a enfermidade de Newcastle naquela.

b) En caso de que unha nova análise adecuadamente realizada confirme a presenza dunha infección de *S. pullorum* e *S. gallinarum*, *S. arizonae*, *M. gallisepticum* ou *M. meleagridis*.

c) En caso de que, tras un novo requirimento do veterinario oficial, non se adoptasen as medidas para o cumprimento das esixencias en canto ás condicións de instalación e funcionamento ou non cumpra co programa de control sanitario das enfermidades.

C. Os supostos de rehabilitación da autorización revogada serán os seguintes:

a) En caso de que a autorización se revogase por causa da aparición de influenza aviar ou de enfermidade de Newcastle, poderá ser rehabilitada unha vez transcorridos 21 días desde o momento de se levar a cabo a limpeza e desinfección trala operación de sacrificio sanitario.

b) Cando a autorización fose revogada por motivos de infeccións provocadas por *Salmonella pullorum* e *S. gallinarum* ou *S. arizonae*, poderá volverse a conceder tras efectuarse no establecemento dous controis con resultado negativo separados, como mínimo, por un intervalo de 21 días e a desinfección despois de se efectuar un sacrificio sanitario.

c) Cando a autorización fose revogada por motivos de infeccións provocadas por *Mycoplasma gallisepticum* ou *Mycoplasma meleagridis*, poderá rehabilitarse tras efectuarse no conxunto da manda aviar dous controis con resultados negativos separados por un intervalo de polo menos 60 días.

D. A suspensión rematará nos seguintes supostos:

a) Sen necesidade de pronunciamento expreso da autoridade competente, cando conclúa a necesaria investigación sobre a enfermidade a que se refire a alínea b) do punto 1 [o punto B.1.b)] anterior, ou rematen as novas análises a que se refire a alínea c) do punto 1 anterior [o punto B.1.c)] (supostos de suspensión), e non proceda a revogación da autorización.

b) Logo de pronunciamento expreso da autoridade competente, unha vez verificado que se adoptaron as medidas para o cumprimento das esixencias en canto ás condicións de instalación e funcionamento, ou que se cumpre co programa sanitario das enfermidades.

# MINISTERIO DO INTERIOR

**6931** *REAL DECRETO 318/2003, do 14 de marzo, polo que se modifica o Regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, aprobado polo Real decreto 320/1994, do 25 de febreiro, para adaptalo á Lei 19/2001, do 19 de decembro, de reforma do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo. («BOE» 82, do 5-4-2003.)*

A disposición derradeira segunda da Lei 19/2001, do 19 de decembro, de reforma do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, establece que o Goberno, no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor da dita reforma, procederá a modifica-lo Regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, aprobado polo Real decreto 320/1994, do 25 de febreiro, para adecualo ás modificacións contidas na dita reforma.

Esta disposición ten por obxecto o cumprimento do dito mandato legislativo. Tráslanse así ó regulamento de procedemento sancionador as innovacións que nesta materia introduciu a lei de reforma, entre as que cabe destaca-lo diverso tratamento dado á concorrencia das actuacións xurisdiccionais penais sobre o mesmo feito, que non impide a continuación do procedemento administrativo sancionador, o cal queda práctica e completamente instruído ata o momento de dictar resolución, en que se suspende ata que a autoridade xudicial resolva o procedente.

Por outra parte, concréntanse de maneira precisa os casos nos que se admite a notificación da denuncia con posterioridade á comisión da infracción, reforzando deste modo a vixilancia en zonas urbanas.

Tense en conta a incidencia do pagamento anticipado á resolución durante a instrución do procedemento, regulando a redución legal do 30 por cento do importe da multa e a súa incompatibilidade con outros beneficios legais de redución de sancións por sometemento a medidas reeducadoras.

Noutra orde de ideas, contéplase expresamente a competencia sancionadora en materia de tráfico das autoridades locais e autonómicas, definindo as súas competencias e os recursos contra as súas resolucións, e articulando a continuidade do procedemento cando co exercicio desas competencias concorre o das autoridades da Administración xeral do Estado para a imposición da sanción de suspensión da autorización administrativa para conducir.

Amplíanse no sentido indicado pola lei de reforma os prazos de cancelación dos antecedentes por infraccións graves e moi graves e os prazos de prescrición das infraccións e de caducidade do procedemento, regulando de forma precisa a interrupción e o cómputo das ditas figuras xurídicas.

Por último, establécese o sistema para que nos rexistros da Administración xeral do Estado consten a totalidade dos antecedentes por infraccións graves e moi graves, co fin de facer posible a distinta graduación en función da reincidencia ou, se é o caso, a instrución de expedientes de revogación de permisos de condución.